



Volumen 7 nº 12, junio de 2022
Volume 7 nº 12, June 2022

Patóxenos Descritos en Galicia
Cylindrocladium buxicola Henricot

*Plant pathogens referenced in Galicia - Cylindrocladium
buxicola Henricot*

Revisión Técnica – *Technical Revision*

J.L. Andrés Ares

Consultorías Noroeste S.C.



Patóxenos de plantas descritos en Galicia – *Cylindrocladium buxicola* Henricot.

Plant pathogens referenced in Galicia – Cylindrocladium buxicola Henricot.

J.L. Andrés Ares.

Consultorías Noroeste S.C.

Aprobado en maio de 2022

Revisión técnica – *Technical revision*

2445-1703(20220630)7:12<262:PDPDEG>1.0;CD;2-B

Fotografías: A. Rivera Martínez

Servizo de Explotacións Agrarias de A Coruña - Xunta de Galicia

Artigo escrito en idioma galego – *Paper written in Galician language*

Resumo

No presente traballo de revisión o autor describe as características biolóxicas mais relevantes así como os métodos de control do patóxeno descrito en Galicia – *Cylindrocladium buxicola* Henricot .

Palabras clave: Murchado do buxo.

Abstract

In the present paper the author describes the most relevant biological aspects as well as management methods of the pathogen referenced in Galicia, – Cylindrocladium buxicola Henricot.

Key words: Boxblight.

1. Introducción

A enfermidade denominada murchado do buxo ou enfermidade da caída de folla do buxo, foi primeiramente descrita no Reino Unido a mediados dos anos 1990 aínda que o patóxeno non foi identificado nesas datas. Non foi ata o ano 2002 no que se identificou como nova especie, primeiramente denominada *Cylindrocladium pseudonaviculatum* e posteriormente como *Cylindrocladium buxicola*. A primeira detección do patóxeno en España fixose en Galicia –por parte de Mansilla e colaboradores– no ano 2008.

2. Descrición do patóxeno

Denominación segundo Index Fungorum: *Cylindrocladium buxicola* Henricot.

Posición taxonómica: Nectriaceae, Hypocreales, Hypocreomycetidae, Sordariomycetes, Pezizomycotina, Ascomycota.

O estipe e a extensión do estipe son hialinos, septados e de paredes finas. A vesícula terminal é hialina, elipsoidal, cun diámetro de 6-11 µm apuntada, e coa parte máis ancha por encima da metade da vesícula. O aparato conidioxéno presenta ramas primarias, en xeral aseptadas ou rara